

XERUSALÉN EN VIVEIRO

Uxío García Amor

DÚAS CIDADES E DÚAS SEMANAS SANTAS

Xerusalén e Viveiro: son dúas cidades separadas por milleros de quilómetros e por milleiros de historias. Pero hai entre elas unha certa vinculación, especialmente nos días da Semana Santa, en que Viveiro revive aqueles acontecementos da paixón e morte de Xesús, que tiveron lugar en Xerusalén hai agora perto de 2000 anos..

Non podo por menos de sentirme interpelado por aquelas experiencias vividas nas dúas viaxes que fixen a Xerusalén, e polo meu encontro entrañable coa Semana Santa de Viveiro, que vivín ocasionalmente hai algúns anos, aínda que fose por tan pouco tempo.

Viveiro recolle garimosamente a herdanza que nos deixou Xerusalén nas súas escenas e nos seus monumentos. Faino cada ano con notable frescura e con notable devoción. Por iso impresiona ós visitantes e ós nativos con ese programa da Semana Santa, vivida nas súas igrexas, nas súas rúas, nos seus mosteiros...

A SEMANA SANTA EN XERUSALÉN

Tiven a sorte de facer dúas peregrinacións a Terra Santa (en 1984 e 1998), con grupos de estudio bíblico. Sempre adicamos varios días a visitar Xerusalén. O escenario da Semana Santa de Xesús, desde o Cenáculo ata o Sepulcro, foi motivo para nós de moitas celebracións e vivencias íntimas, que incluíron a Hora Santa en Xetsemaní, o Camiño da Cruz polas rúas de Xerusalén, a Misa na Basílica do Santo Sepulcro, e outros momentos de especial intensidade relixiosa, mesturada -é certo- con anécdotas máis ou menos pintorescas.

Todo ese mundo de recordos trasladeino facilmente ó escenario da Semana Santa de Viveiro, que tan ben nos describen as reportaxes publicadas cada ano na súa Revista, e que tantos milleiros de persoas contemplan devotamente: a Procesión da Burriña, do Prenemento, o Encontro, as Sete Palabras, o Desencravo, os Caladiños, o Santo Enterro..., e as celebracións litúrxicas que se comparten tan vivamente nas igrexas e mosteiros... Podemos dicir que, durante a Semana Santa, Viveiro é unha nova Xerusalén, máis vitalizada na fe e no amor ca aquela primeira Xerusalén. Como protagonista, sempre El: “Cristo onte, hoxe e sempre” (Hebr.13.,8).

“TEDE ENTRE VÓS OS MESMOS SENTIMENTOS DE CRISTO XESÚS”

Este é o consello que lles daba San Paulo ós Filipenses (Fil.2,5). Outro tanto lles pode dicir tamén neste días ós viveirenses, e ós que comparten a súa Semana Santa. O espectáculo, tan impresionante e tan ben programado polas Cofradías e Parroquias, debe move-los corazóns para que revivan a verdadeira actualidade do misterio de Cristo e da súa presenza no medio de nós: “Cristo xa non ten mans...Ten só as nosas mans para construír un mundo novo”. Así o proclamaba un anónimo do sec. XV. E así o queremos proclamar tamén nós cada ano, cando contemplamos as dramáticas imaxes que o representan na Semana Santa. “Cristo está en agonía ata a fin do mundo” (Pascal), e nós non debemos durmirmos ó seu lado, como os Apóstolos en Xetsemaní.

CANDO REMATE ESTA SEMANA SANTA...

Cando remate esta Semana Santa, e volvamos ás nosas casas, “falando de canto pasou”, como aqueles discípulos de Emaús, oxalá sintamos cómo Xesús se achega a nós para preguntarnos: “¿De qué ides falando polo camiño?”.

E se lle abrimos o noso corazón, e escoitamos o que El nos diga, poderemos remata-lo encontro dicindo coma eles: “¿Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño?” (Lc.24,32). O “camiño da cruz” será para nós o “camiño da luz”.✠

RENACEMOS Á ESPERANZA, - POIS XESÚS RESUCITOU:
 ¡A MORTE XA NADA PODE - CONTRA A FORZA DO AMOR!
 EL REPÁRTENO-LO PAN, - E VEN CAMIÑAR CON NÓS:
 RENACEMOS Á ESPERANZA, - POIS A NOITE XA ACABOU:
 ¡ALELUIA QUEN ILUMINA - A TERRA CO NOVO SOL.
 ¡ALELUIA POLO DÍA! - ¡ALELUIA POLA FLOR!
 RENACEMOS Á TÚA VIDA: - ¡É PRIMAVERA, SEÑOR!